

Precisadas estas cuestións, o seguinte é investigar os réximes políticos – cantos polo seu número e cales son – e en primeiro lugar os rectos; pois entón clarificaranse as súas desviacións, cando se teñan definido. Posto que réxime político e órgano de goberno significa o mesmo, e órgano de goberno é a parte soberana das cidades, necesariamente será soberano ou un só individuo ou uns poucos ou a maioría; e cando ese un ou a minoría ou a maioría gobernan atendendo ao ben común, eses réximes serán por necesidade rectos; e os que atenden ao interese particular do individuo ou da minoría ou da maioría, desviacións. Dos gobernos unipersoais chamamos monarquía ao que vela polo ben común; ao goberno de poucos, pero de máis de un, aristocracia; e cando a maioría goberna mirando polo ben común, recibe o nome común a todos os réximes políticos: república (politeía). Desviacións dos citados son: a tiranía, da monarquía, a oligarquía, da aristocracia e a democracia (demokratía) da república. A tiranía, en efecto, é unha monarquía orientada ao interese do monarca, a oligarquía, ao dos ricos e a democracia, ao interese dos pobres. Pero ningún deles presta atención ao que lle convén á comunidade.

(Aristóteles, Política)

Cuestións texto:

1. Que réximes políticos distingue Aristóteles?
2. En base a que dous criterios clasifica os réximes políticos?
3. Que réximes considera lexítimos ou aceptables?, por contra, que réximes serían ilexítimos ou inaceptables?, por que motivo?